

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN NEGOCIADORA III CONVENIO COLECTIVO DO PAS LABORAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerenta:

Raquel María Souto García

Vicexerente de Recursos Humanos:

José González Groba

Redacción da acta:

María Isabel Fernández Uría

REPRESENTANTES SINDICAIS

Carlos Mollinedo Lois (CIG)

Luis Pérez Gómez (CIG)

Marcos Estévez Orge (CCOO)

Federico Fernández Fernández (CIG)

Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)_Baixa por IT

A Comisión Negociadora do III Convenio Colectivo mantivo unha reunión ás 11:40h, do 21 de xuño de 2019 na Sala II do Edificio Exeria, coa seguinte

ORDE DO DÍA


1. **Implementación da cláusula de xubilación do II Convenio Colectivo do PAS laboral da Universidade de Vigo**
2. **Rogos e preguntas.**

Comeza a reunión aprobándose e asinando a acta da reunión anterior mantida entre a Comisión Paritaria e a xerencia.

A Xerenta di que xunto coa convocatoria se enviou unha nova redacción dos artigos. Aclara que lle parece máis coherente seguir mantendo dous artigos coa redacción proposta.

Federico Fernández di que tanto a CIG como CCOO coinciden no sentido da actualización dos artigos e propón a posibilidade de poder engadir un pequeno parágrafo sobre a negociación de prexubilacións.

A xerenta explica que a día de hoxe nesta modificación non se vai recoller nada relativo ás prexubilacións.



Carlos Mollinedo di que esa proposta se faga na quenda de rogos e preguntas e así como analizar as posibilidades de ir creando unha bolsa cas cantidades aforradas en trienios, etc

A xerenta explica que este tema implica un custo económico importante polo que a día de hoxe non se pode comprometer.

Luis Pérez intervén dicindo que está de acordo coa proposta achegada pola xerencia. No que se refire ás prexubilacións, cre que antes habería que ver se o persoal laboral ao que representan, ten interese e se realmente se beneficia.


A xerenta está de acordo en falar e ver propostas, pero repite que non se pode comprometer xa que, entre outras cuestións, require un estudio minucioso.

Logo de todo o exposto, chégase ao acordo coa redacción proposta.

En rogos e preguntas fórmulase a posibilidade de abrir unha negociación para a prexubilación.

Insírese como anexo I a esta acta o acordo acadado na xuntanza.

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión as 12:30h.

Four handwritten signatures in blue ink, arranged horizontally. The first signature is on the left, followed by a second, a third, and a fourth on the right. The signatures are stylized and vary in complexity.

ANEXO I

Na reunión mantida entre a Xerencia da Universidade de Vigo e a Comisión Negociadora do III Convenio Colectivo o 21 de xuño de 2019 na Sala II do Edificio Exeria, acadouse o seguinte

ACORDO

Implementación da cláusula de xubilación no II Convenio Colectivo do PAS laboral da Universidade de Vigo.

Modifícanse os artigos 51 e 52 do II Convenio Colectivo do PAS laboral da Universidade de Vigo, que queda redactado do seguinte xeito.

Artigo 51º.-Xubilación obrigatoria.

Dentro da política de promoción do emprego, a xubilación será obrigatoria ao cumprir o/a traballador/a a idade legal de xubilación fixada na normativa de Seguridade Social.


A universidade comprométese a constituír bolsas de emprego coas vacantes que se produzan por esta causa, incluíndo nas súas ofertas de emprego prazas de idéntica categoría profesional ou outras de distinta categoría que se creen por transformación das citadas vacantes.

A universidade antes de rematar o primeiro trimestre, informará a correspondente representación sindical das previsións de xubilacións nos doce meses seguintes á data de emisión do informe, co obxecto de planificar as futuras vacantes. Esta información realizarase reflectindo a categoría profesional, a clasificación do posto ou servizos, a xornada, a quenda e os complementos correspondentes.

Artigo 52.- Xubilación. Período de cotización.

A idade de xubilación establecida no artigo anterior considerarase sen prexuízo de que todo traballador/a poida completar os requisitos esixidos pola normativa de Seguridade Social, tanto en idade como en períodos de cotización, para ter dereito ao cen por cen da pensión ordinaria de xubilación na súa modalidade contributiva, suposto no cal a xubilación obrigatoria producirase ao completar a persoa empregada estes requisitos.

A Xerenta




Raquel María Souto García

Presidente CE Pontevedra



Marcos Estévez Orge

Presidente CE Ourense



Luis Pérez Gómez